

OBRADAIROS

*de extensión
universitaria*

2.º cuadrimestre
2023/2024
Campus de Ourense



Ao choio!

DESTINADOS Á CIDADANÍA EN XERAL E UNIVERSITARIOS/AS

MATRÍCULA: campusactivo.uvigo.gal
do 5 ao 16 de febreiro de 2024

Área de Servizos á Comunidade
Unidade Administrativa
Campus Universitario de Ourense
T (+34) 988 387 102
asc-ou@uvigo.gal

Vicerreitoría do
Campus de Ourense
T (+34) 988 387 219
culturavicou@uvigo.es



OBRADOIROS

de extensión
universitaria

2.º cuatrimestre
2023/2024
Campus de Ourense



Ao choio!

Universidade de Vigo

Vicerreitoría do
Campus de Ourense

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA

A matrícula farase online ata cubrir prazas

campusactivo.uvigo.gal

Prazo: do 5 ao 16 de febreiro de 2024

Comunidade universitaria: 35 % de desconto no prezo da matrícula

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 30 horas de traballo.

TAXAS

· 40 euros: para o público en xeral

· 26 euros: membros da comunidade universitaria da UVigo

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xaneiro de 2023 sobre a consideración de persoa vencellada á universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551> terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertenczan:

· 32 euros: colectivo do grupo C (redución do 20 % sobre o prezo da matrícula)

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 30 horas de traballo.

AULA DE TEATRO. NIVEL 1: ROSAURA

Seducir e convencer son capacidades a desenvolver se queremos ser bos/boas comunicadores/as en escena. En Rosaura traballaremos estas claves como punto de partida para a interpretación. Os nosos aliados serán a escoita, os impulsos, a relaxación activa e a improvisación entre outros.

Terán prioridade na matrícula as persoas que realizaron o primeiro cuatrimestre.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: do 22 de febreiro ao 23 de abril.
Xoves de 19 a 22 h. Martes e xoves de 19 a 22 h dende marzo.

Horas: 45

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula de teatro

AULA DE TEATRO. NIVEL 2: CORDELIA

Construción do personaxe para unha posta en escena. A oportunidade de coñecer novos autores e estratexias teatrais en constante cambio é única e estimulante, queremos que sexa este tempo compartido e de creación na que xéneros e voces se darán unha aperta.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: do 20 de febreiro ao 2 de maio.
Martes e xoves de 19 a 22 h

Horas: 60

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula de teatro

AULA DE TEATRO. NIVEL 3: MARICASTAÑA

Ensaio e posta en escena do espectáculo "Desequilibrios". O manicomio é o lugar onde van parar as persoas que son diferentes, que non encaixan nunha sociedade que busca o (seu) equilibrio para poder ter todo controlado de cara á produtividade. O tolo, o desequilibrado, é recluído e tratado co fin de recuperarse para esa sociedade: non debe saír dos cánones establecidos.

Esta é unha historia de forzas en oposición: as daquelas persoas que teñen o poder e queren perpetuarse nel e as que o cuestionan desde a súa loucura.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: do 19 de febreiro ao 15 de maio
Luns e mércores de 19 a 22 h

Horas: 105

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: aula de teatro

INTERVENCIÓNS ASISTIDAS CON CANS/ CADELAS

Facer partícipes ás persoas dos beneficios do traballo con cans e cadelas tanto en actividades como en terapia tendo en conta o estado emocional e cognitivo do animal. Ao final deberase facer unha análise de vídeos (sinais de calma, socialización...)

Dirección: Almudena Alonso Ferreiro

Datas: do 23 de febreiro ao 5 de abril

Venres de 9.00 a 14.00 h (os 3 primeiros venres) e de 9.00 a 15.00 h (os 2 segundos)

Horas: 30

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: aula 0.10 do edificio de Facultades

MINDFULNESS NO DÍA A DÍA

Unha disciplina relacionada co benestar integral que está en auxe desde hai máis de 3 décadas en moitos campos, desde a saúde mental ata a educación. Diseñado para iniciar a adultos nunha proposta que combina teoría e prácticas grupais e individuais.

Dirección: Stuart McNicholls

Datas: do 20 de febreiro ao 16 de abril
Martes de 18.00 a 20.30 h e o sábado 13/4 de 10.00 a 17.00 h

Horas: 30

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: seminario de inglés do Pavillón 1

NON VIOLENCIA: DO PENSAMENTO Á ACCIÓN

Procuramos que o estudantado coñeza o manexo dos procesos cognitivos básicos no proceso da información e a súa mediación nas respostas violentas ou non violentas. Mostramos contidos conceptuais e procedimentais que enriquecerán o repertorio comportamental dos estudantes.

Dirección: María José Vázquez Figueiredo

Datas: do 26 de febreiro ao 18 de marzo
Luns de 10 a 14.30 h

Horas: 20

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: sala Emilia Pardo Bazán do edificio de Facultades

EDUCACIÓN A TRAVÉS DA DANZA E A EXPRESIÓN CORPORAL

Obradoiro fundamentalmente práctico no que se otorgan ferramentas para abordar a educación a través do corpo. Dirixido ao público en xeral e de especial interese para profesionais de maxisterio. Enfócase na creatividade, a cultura, o lecer, as emocións, as relacións sociais e a saúde, entre outras.

Dirección: Ana María Torrado Agrasar

Datas: do 20 de febreiro ao 17 de maio
Martes de 15 a 17 h

Horas: 30

Número de prazas: 12

Lugar de celebración: aula de música do edificio de Facultades

USO SEXUALIZADO DA DROGA (CHEMSEX): INTERVENCIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIOSANITARIO

O chemsex supón un uso sexualizado de drogas para facilitar ou mellorar a práctica sexual durante horas, mesmo días. A formación de profesionais sociosanitarios na detección e intervención desta problemática é necesaria para unha abordaxe multidisciplinar. Dotar aos futuros profesionais educativos e sociosanitarios, a través dun mellor coñecemento e comprensión das diversidades, das ferramentas necesarias para unha intervención respectuosa e inclusiva.

Dirección: María Lameiras Fernández

Datas: do 21 de febreiro ao 24 de abril
Mércores de 18.00 a 21.00 h

Horas: 30

Número de prazas: 12

Lugar de celebración: salón de graos do edificio de Facultades

AUGA, ANTIOXIDANTES E SAÚDE

Este obradoiro está focalizado en aportar coñecementos sobre os antioxidantes, a auga e as súas potenciais aplicacións, tamén a súa importancia na nosa vida diaria e na nosa alimentación. As sesións serán impartidas por docentes expertos en compostos antioxidantes e as técnicas e tecnoloxías para a súa obtención empregando a auga como disolvente

Dirección: Noelia Flórez Fernández

Datas: do 23 de febreiro ao 22 de marzo.
Venres de 9.00 a 14.00 h e o 22/3 tamén de 16.00 a 18.00 h

Horas: 30

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: laboratorios do grupo EQ2 do edificio Politécnico

INTRODUCCIÓN Á OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA

Obradoiro no cal se describen os principais obxectos de observación astronómica: lúas, planetas, estrelas e galaxias..., e as técnicas de observación máis habituais. O obradoiro poderá trasladarse ao xoves seguinte se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan. Haberá descanso ás 22.00 h

Dirección: José Ramón Salgueiro Piñeiro

Datas: do 2 de abril ao 7 de maio
Martes de 20.00 a 1.00 h

Horas: 30

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula B.1 do edificio Politécnico

METODOLOXÍA SOCIOAFECTIVA PARA A INTERVENCIÓN SOCIAL

A metodoloxía socioafectiva é unha forma participativa e creativa para transformar os conflitos de forma positiva e crear comunidades máis resilientes. Empregaremos linguaxes transformadoras a través do xogo e da arte pasando polo teatro, o movemento ou a pintura. Esta metodoloxía pódese aplicar tanto ao ámbito persoal, social como profesional, é unha nova mirada á interacción dos grupos e dos procesos de aprendizaxe.

Dirección: Francisco Javier Aguiar Fernández

Datas: do 22 de febreiro a 11 de abril
Xoves 16.00 a 20.00 h

Horas: 30

Número de prazas: 20

Lugar de celebración: aula de música do edificio de Facultades

OBRADOIRO DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA: GAITA E PERCUSIÓN

O programa inclúe nocións da Música Patrimonial e Tradicional, técnicas de gaita, tipos de dixitación, estudo do repertorio, afinación, ornamentación, (percusión e combos instrumentais tradicionais).

Estes contidos, están enfocados tanto ao alumnado de iniciación como ao de perfeccionamento.

Dirección: Gonzalo Abelairas

Datas: do 22 de febreiro ao 2 de maio.
Xoves de 18.30 a 21.30 h

Horas: 30

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: pavillón das asociacións

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA

Achegamento á danza contemporánea e creación escénica fundamentalmente a través do corpo. Para todos os niveis. Proponse un obradoiro para a creación escénica tuilizando como ferramenta principal o corpo e o movemento. Neste obradoiro traballarase unha peza escénica de 15 minutos que se poderá mostrar nos festivais universitarios de Ourense, Santiago e Coruña. (custe dos desprazamentos para actuacións incluído na matrícula).

Dirección: Nuria Sotelo

Datas: do 20 de febreiro ao 7 de maio
Martes e mércores de 19.30 a 21.00 h

Horas: 30

Número de prazas: 12

Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Facultades